




Boletín de Medio Ambiente



Estaca de Bares

Concello: Mañón

Características: é unha das mellores localizacións para observar aves de Europa e conta cunha estación ornitolóxica permanente. Fronteira entre o océano Atlántico e o mar Cantábrico, ese enclave xa foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional nos tempos da II República.

Curiosidades: Hai un miradoiro no antigo semáforo da Mariña, convertido nun hotel de natureza. O espazo protexido abarca tamén a costa de Loiba, cuxos cantiiis protexen algunha das praias máis solitarias de Galicia polo seu difícil acceso.

Noticias

Galicia consegue esquivar a contaminación atmosférica

Menos vehículos, pero tamén a proximidade do Atlántico son os factores clave.

O profesor de enxeñería química José Antonio Souto, explica que "en condicións moi estables" como as que veñen rexistrando "os contaminantes non se mesturan", de modo que as concentracións de partículas son maiores. Pero, en Galicia, a circulación de aire procedente do Atlántico "renova e permite que se limpe a atmosfera". O cal corrobora a subdirectora de *Meteogalicia*, María Luz Macho, dicindo que Galicia ten "moi boa ventilación", por iso é polo que a seca non repercute na calidade do aire "tanto como podía pensarse".

Fonte: Ecoticias

Están en perigo os nosos cogomelos?

España pasou de exportar cogomelos a ter que importalos. O principal motivo é o descenso das precipitacións. Os cogomelos necesitan moita humidade e temperaturas suaves para desenvolverse e este ano foi, ademais do máis seco desde fai un lustro, o máis caloroso do que se ten constancia.

Ademais, ás consecuencias do cambio climático hai que sumar o auxe do turismo micolóxico. Son un recurso natural, e como tal, son agotables, e poden desaparecer si non se recolle ben, si non se deixa que se cumpra o seu ciclo biolóxico.

Fonte: El Mundo

Reunión en Nairobi polo medio ambiente

Máis de 100 ministros de Medio Ambiente de todo o mundo reúnen en Nairobi (Kenia), no marco da terceira Asemblea das Nacións Unidas para o Medio (UNEA-3), onde teñen previsto alcanzar unha declaración para combater a contaminación.

A UNEA-3 pretende concienciar e atopar solucións ao impacto que a contaminación ten sobre a vida do ser humano.

A Asemblea busca conseguir un número de compromisos tanxibles para acabar coa contaminación e lograr que se manexen de forma segura os químicos e refugallo. Estes incluírán: unha declaración política sobre contaminación, vinculada aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable; compromisos voluntarios dos Gobernos; así como, o Compromiso por un Planeta Limpo, entre outros.

Fonte: UN Environment

As superficies iluminadas artificialmente aumentan máis dun 2%

Na última década moitos estudos relaciónan a contaminación lumínica con problemas de saúde e con prexuízos nos ecosistemas ameaza ao 30% dos vertebrados e ao 60% dos invertebrados nocturnos- que, sumados ao malgaste enerxético, mostran a importancia de regular a iluminación artificial.

A revista *Science Advances* publica un estudo que revela un aumento dun 2,2% anual tanto en extensión como en intensidade. O cal, ten lugar nun momento de transición a sistemas de iluminación LED, aínda que estes non están a axudar a reducila senón que poida que estean a axudar a incrementala.

Fonte: ABC

Por que nalgúns países un coche de gasolina contamina menos que un eléctrico?

Este é o provocativo titular dunha investigación da Universidade de Michigan, que conclúe que un coche de gasolina que consuma como media menos de 4,6l/100km resulta máis limpo que un eléctrico.

A maioría de conductores cre que si o vehículo é eléctrico non emite gases nocivos, pero si que contaminan de maneira indirecta e niso céntrase o estudo. O cal, compara os métodos de obtención da enerxía necesaria para mover un automóbil en 143 países. E en moitos deles conducir un eléctrico non resulta especialmente limpo.

Por exemplo, en Cuba abonda con que un coche gaste menos de 7,5l/100km para que emita menos CO₂ que un eléctrico, e as cifras tamén son altas na India (6,5l/100km) ou na República Dominicana (6,3l/100km).

No caso español, pola contra, un turismo de combustión debería baixar de 2,9 litros para ser menos sucio que un modelo a pilas, xa que en España contáminase menos que neses países para obter enerxía eléctrica.

Fonte: El País

Sabías que...

as árbores de nadal artificiais non son a mellor opción?

Agora que se achega o nadal e decóranse as casas tamén hai que ter en conta ao medio ambiente. A pesar de que as árbores artificiais duran varios anos, os impactos relacionados coa súa fabricación son nocivos, pois os materiais máis utilizados son a PVC, o plástico e o aluminio, cuxa produción e procesamiento xeran residuos e contaminación. Opta por unha árbore natural, é a opción máis ecolóxica. Gozarás dunha bonita árbore en nadal e logo poderás plantala.

Boas Prácticas

Trump Forest

Retirarse do Acordo de París - polo cal 193 países comprometíanse a reducir as súas emisións para paliar os efectos do cambio climático - foi unha decisión controvertida do Presidente de EEUU, Donald Trump.

Perante esta resolución, tres empresarios neozelandeses decidiron achegar o seu granito de area para loitar contra o cambio climático. Así, fundaron “*Trump Forest*”, unha iniciativa que pretende combater o cambio climático a través da reforestación do planeta.

O proxecto tivo unhas orixes moi humildes, cunha modesta sementa de 1.000 árbores en Nova Zelandia. Con todo, grazas ao seu rechamante nome e á súa interesante proposta, a iniciativa creceu con rapidez e, en apenas oito meses, conseguiu plantar máis de 880.000 árbores en todo o mundo.

Fonte: El Mundo

Unha casa que case non gasta electricidade

A directiva europea sobre rendemento enerxético, aprobada en 2010, déixao claro “todo novo edificio deberá ter un consumo enerxético case nulo a finais de 2020”. Pero unha comunidade de propietarios de Madrid adiantouse e conseguiu reducir a 37€/mes o seu gasto na factura eléctrica.

A cooperativa de vivendas *Arroio Bodoal*, é o único edificio de vivendas de Europa con certificación *Lede Platinum*. Un diploma internacional que vén ser o maior recoñecemento posible á construción sustentable, eficiente enerxéticamente e respectuosa co medioambiente.

Fonte: La Vanguardia

O sistema de reciclaxe de envases alemán

Debería implantarse en España un sistema de retorno de envases de bebidas baseado en incentivar a súa devolución? Este debate está a producirse nalgunhas comunidades autónomas, que ao ver o ben que funciona noutros países europeos queren implantar medidas análogas.

Alemaña é a gran referencia canto a xestión de residuos. Os comercios nos que se venden bebidas aplican un suplemento de entre 8 e 15 céntimos nos envases reutilizables e de 25 céntimos no caso dos dun só uso. O consumidor recuperao ao devolver os envases, ben depositándoos nas máquinas que hai nos supermercados ou ben devolvéndoo nos comercios que os vendan.

Fonte: El Diario

Axenda Ambiental

- 06/12/2017 - 09/12/2017. XIII Congreso da SECEM. Guadalajara.
- Hasta el 17/12/2017. Talleres para familias en fin de semana do Real Xardín Botánico. Madrid.
- 12/12/2017 - 14/12/2017. World Efficiency 2017. París.
- 1/12/2017 – 06/01/2017. Exposición sobre a contaminación lumínica da Agrupación Astronómica Coruñesa. Coruña.
- Ata o 16/12/17. Itinerarios e roteiros ambientais guiadas do Concello de Murcia. Murcia.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal